

PÉNSOTE, CAMELIA,
aledando xardíns de infancia
e pronúnciote de nome
para ser un puro soñar de cores
no amantiño caer das horas
cando os nosos ollos te celebran
nesa elegante arquitectura
salferida de aroma e transparencia.

PÉNSOTE EN CAMPOLONGO
ataviada de pétalas
en acendido tacto de beleza
e para sempre rendida á fermosura
no feitiño floral das harmonías.

POR MARZO PÉNSOTE
conxugada de matices
en poemario de agarimos
e co teu rostro atesourado
de fantasía cromática
acariñando a nosa escola
polo decidido confin dos espazos
con raíces de beizo na mirada.

Xabier Barros Castro



C./ General Rubín, nº3 - 36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 855 288 - Fax: 986 850 558
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo>



Deputación
Pontevedra



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ANPA San Xosé
de Campolongo



www.dibaysl.com
www.dibayeventos.com



SAÚDO DO DIRECTOR

Presentamos a "XI MOSTRA DA CAMELIA" coa vocación de promover a difusión e o coñecemento deste prezado ben do noso patrimonio común e de render homenaxe a flor máis fermosa da nosa terra.

Desde a escola seguimos apostando por este evento, que transcende os lindes do estritamente académico, renovando con esta celebración o compromiso de potenciar e dinamizar este proxecto didáctico, e de paso, compartir esta experiencia con toda a Comunidade Educativa, dada a súa importancia divulgativa e formativa.

As camelias do CEIP Campolongo reinvéntanse cada marzo, debuxando un escenario de paisaxismo efémero polos corredores, coas composicións florais enfeitizando a tódolos admiradores, nun estalo de emocións, e cos traballos dos rapaces configurando unha linguaxe artística que arrequece de creatividade e maxia os espazos.

Celebramos esta exposición coa arela de que cada visitante se sinta un pouco dono da fermosura que abarca co seu mirar, nese estoupido colorista cheo de expresividade e simboloxismo que adquire a categoría de obra mestra.

Agradecemos o entusiasmo e a colaboración que ininterrompidamente veñen prestando os expositores, que xunto coas xenerosas axudas de organismos oficiais, nos permiten consolidar e manter vivo o interese por esta mostra de arte vexetal en toda regra.

Se tedes a feliz idea de visitarnos, atoparédesvos gozando dun improvisado xardín cargado de efectos visuais e matices, un acontecemento onde as pétalas conforman un privilexiado agasallo que nos convida a unha viaxe lúdica en continuo latexo a través dos sentidos, nun percorrido agarimoso e único, que deixa as nosas meniñas sorprendidas e ilusionadas en colorido lífrico.

As luxosas camelias do CEIP Campolongo habitan ledas no pensamento e se fan sentir na memoria coma flores dunha illa que camiña polos océanos da imaxinación.

O Director do Colexio
José Manuel Sánchez Moure

XI EXPOSICIÓN DA CAMELIA

PROGRAMA DE ACTOS

Campolongo, 19 de Marzo de 2013

- 12,30 h. - Apertura os centros de ensino da exposición.
- 16,00 h. - Reunión do xurado e valoración dos lotes de flores.
- 16,30 h. - Apertura o público da exposición.
- 18,00 h. - Acto de inauguración.
- Recepción autoridades e percorrido pola exposición.
- Intervención de autoridades.
- Lectura da acta de premiados.